# INFORME SOBRE AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL

## Afiliacións medias outubro 2020

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2020

**Instituto Galego de Estatística**
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : http://www.ige.eu

## 1.- Información xeral

O número medio de afiliacións[1] ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de outubro do ano 2020 acadou a cifra de 1.012.018 para o total do sistema, o que supón un aumento respecto ao pasado mes de setembro de 2020 de 219 afiliacións (0,02%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 18.990.364, rexistrando unha subida do 0,60% con respecto ao pasado mes de setembro.

Na comparativa interanual (outubro de 2020 con outubro de 2019) obsérvase unha diminución de 15.432 afiliacións no total do sistema en Galicia (-1,50%) e unha diminución do 2,26% (439.629 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de setembro de 2020, rexístrase unha subida das afiliacións en catorce comunidades autónomas, destacando a Comunitat Valenciana (cunha taxa superior ao 2,00%). En senso contrario, Illes Balears presenta a taxa máis negativa (por debaixo do -11,00%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas negativas en quince das dezasete comunidades autónomas. O descenso máis acusado é o de Illes Balears (-17,64%), mentres que Murcia e Castilla La Mancha ascenden, pero quedándose por debaixo do 1,00%.

**Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS**

| CCAA | AFILIACIÓN MEDIA OUTUBRO 2020 | VARIACIÓNS | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | MES ANTERIOR | | INTERANUAL | |
| | | ABSOLUTA | RELATIVA | ABSOLUTA | RELATIVA |
| **España** | **18.990.364** | **113.975** | **0,60** | **-439.629** | **-2,26** |
| **Galicia** | **1.012.018** | **219** | **0,02** | **-15.432** | **-1,50** |
| Andalucia | 3.075.567 | 36.374 | 1,20 | -58.065 | -1,85 |
| Aragón | 569.681 | 2.803 | 0,49 | -9.415 | -1,63 |
| Asturias | 362.156 | 3.139 | 0,87 | -6.981 | -1,89 |
| Illes Balears | 441.107 | -58.970 | -11,79 | -94.500 | -17,64 |
| Canarias | 781.063 | 8.980 | 1,16 | -39.446 | -4,81 |
| Cantabria | 218.162 | 31 | 0,01 | -2.471 | -1,12 |
| Castilla La Mancha | 713.132 | -7.469 | -1,04 | 636 | 0,09 |
| Castilla y León | 921.361 | 4.890 | 0,53 | -15.785 | -1,68 |
| Cataluña | 3.375.642 | 22.910 | 0,68 | -93.953 | -2,71 |
| Comunitat Valenciana | 1.909.568 | 42.201 | 2,26 | -15.366 | -0,80 |
| Extremadura | 394.484 | -2.468 | -0,62 | -3.143 | -0,79 |
| Madrid | 3.202.275 | 36.208 | 1,14 | -64.487 | -1,97 |
| Murcia | 591.690 | 9.375 | 1,61 | 4.476 | 0,76 |
| Navarra | 289.051 | 2.456 | 0,86 | -2.414 | -0,83 |
| País Vasco | 958.356 | 12.421 | 1,31 | -19.819 | -2,03 |
| La Rioja | 130.080 | 727 | 0,56 | -2.140 | -1,62 |
| Ceuta e Melilla | 44.972 | 147 | 0,33 | -1.321 | -2,85 |

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

[1] O Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones dende o informe de setembro de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.

Achega de cada comunidade autónoma na variación interanual da afiliación mensual




**Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones**

## 2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social diminuíu con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. Lugo é a provincia que presenta a maior caída nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do -1,96%, o que supón 2.433 afiliacións menos, seguida de A Coruña (-1,89%), Ourense (-1,40%) e, por último, Pontevedra (-0,90%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de outubro con respecto ás do mes de setembro de 2020, rexistrouse en Galicia unha subida do 0,02%. Soamente A Coruña amosa un dato positivo (0,52%), sendo Ourense a que máis decrece (-0,43%).

**Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS**

| PROVINCIA | AFILIACIÓN MEDIA OUTUBRO 2020 | VARIACIÓNS | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | MES ANTERIOR | | INTERANUAL | |
| | | ABSOLUTA | RELATIVA | ABSOLUTA | RELATIVA |
| A CORUÑA | 431.536 | 2.229 | 0,52 | -8.320 | -1,89 |
| LUGO | 121.690 | -357 | -0,29 | -2.433 | -1,96 |
| OURENSE | 102.522 | -447 | -0,43 | -1.461 | -1,40 |
| PONTEVEDRA | 356.269 | -1.207 | -0,34 | -3.219 | -0,90 |
| **GALICIA** | **1.012.018** | **219** | **0,02** | **-15.432** | **-1,50** |
| **ESPAÑA** | **18.990.364** | **113.975** | **0,60** | **-439.629** | **-2,26** |

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

### 3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 77,4% das afiliacións galegas en outubro de 2020, aumentaron un 0,06% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase unha diminución do 1,56%. En España estas taxas foron do 0,73% con respecto a setembro de 2020 e do -2,67% en relación ao mes de outubro de 2019. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (71,4%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas amosan taxas de variación interanuais negativas. O descenso medio da comunidade galega sitúase entón no -1,01%. Para este réxime e con respecto ao mes de setembro de 2020, baixan todas as provincias (agás Ourense) resultando para o conxunto de Galicia unha taxa do -0,13%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha baixada interanual (-0,20%) e unha subida intermensual (0,06%).

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a outubro de 2019, rexístranse baixadas en todas as provincias, destacando a que se produce en Pontevedra (-4,76%). A taxa galega acada entón o -4,06%, superando á de España (-5,14%). Con respecto a setembro de 2020, atopamos a taxa máis positiva en A Coruña (3,42%) e a máis negativa en Pontevedra (-1,22%). A taxa galega amosa un aumento do 0,19% con respecto a setembro de 2020. A taxa nacional é do -2,31%.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

| Cadro 3.- AFILIACIÓNS POR RÉXIMES E PROVINCIAS | | | |
|---|---|---|---|
| RÉXIME E PROVINCIA | AFILIACIÓN OUTUBRO 2020 | VARIACIÓNS RELATIVAS | |
| | | MES ANTERIOR | INTERANUAL |
| **TOTAL SISTEMA** | | | |
| A CORUÑA | 431.536 | 0,52 | -1,89 |
| LUGO | 121.690 | -0,29 | -1,96 |
| OURENSE | 102.522 | -0,43 | -1,40 |
| PONTEVEDRA | 356.269 | -0,34 | -0,90 |
| GALICIA | 1.012.018 | 0,02 | -1,50 |
| ESPAÑA | 18.990.364 | 0,60 | -2,26 |
| **R. XERAL** | | | |
| A CORUÑA | 340.996 | 0,61 | -2,03 |
| LUGO | 86.889 | -0,31 | -2,05 |
| OURENSE | 79.162 | -0,56 | -1,45 |
| PONTEVEDRA | 276.224 | -0,32 | -0,85 |
| GALICIA | 783.272 | 0,06 | -1,56 |
| ESPAÑA | 15.661.201 | 0,73 | -2,67 |
| **R. ESPECIAL AUTÓNOMOS** | | | |
| A CORUÑA | 84.421 | -0,05 | -1,20 |
| LUGO | 33.270 | -0,26 | -1,79 |
| OURENSE | 23.360 | 0,00 | -1,25 |
| PONTEVEDRA | 66.890 | -0,23 | -0,30 |
| GALICIA | 207.941 | -0,13 | -1,01 |
| ESPAÑA | 3.265.369 | 0,06 | -0,20 |
| **R. ESPECIAL DO MAR** | | | |
| A CORUÑA | 6.118 | 3,42 | -3,45 |
| LUGO | 1.531 | -0,05 | -0,34 |
| OURENSE | 0 | -- | -- |
| PONTEVEDRA | 13.156 | -1,22 | -4,76 |
| GALICIA | 20.805 | 0,19 | -4,06 |
| ESPAÑA | 62.645 | -2,31 | -5,14 |

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

## 4.- Evolución da afiliación




**Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones**

## 5.- Expediente de Regulación Temporal de Emprego (ERTE)

Por último, debemos sinalar que dentro do total de afiliados a día 31 de outubro en Galicia, había 15.024 que se atopaban en situación de ERTE por forza maior, 3.557 menos que a día 30 de setembro (-19,14%) e 135.217 menos fronte ao máximo, rexistrado o 30 de abril (-90,00%). No total de España, o número de afectados por un ERTE por forza maior no último día de outubro é de 497.319, producíndose unha saída de 108.542 afectados intermensual (-17,92%) e de 2.577.143 respecto ao peche de abril (-83,82%).

**Cadro 4.- EVOLUCIÓN DOS ERTE POR FORZA MAIOR POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS**

| CCAA | AFECTADOS A ÚLTIMO DÍA DE OUTUBRO 2020 | VARIACIÓNS | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | ÚLTIMO DÍA DE SETEMBRO | | ÚLTIMO DÍA DE ABRIL | |
| | | ABSOLUTA | RELATIVA | ABSOLUTA | RELATIVA |
| **España** | **497.319** | **-108.542** | **-17,92** | **-2.577.143** | **-83,82** |
| **Galicia** | **15.024** | **-3.557** | **-19,14** | **-135.217** | **-90,00** |
| Andalucia | 62.549 | -11.785 | -15,85 | -383.575 | -85,98 |
| Aragón | 8.266 | -2.134 | -20,52 | -68.250 | -89,20 |
| Asturias | 5.027 | -1.252 | -19,94 | -48.108 | -90,54 |
| Illes Balears | 25.688 | -38.453 | -59,95 | -110.197 | -81,10 |
| Canarias | 79.355 | 899 | 1,15 | -141.275 | -64,03 |
| Cantabria | 2.782 | -445 | -13,79 | -28.790 | -91,19 |
| Castilla La Mancha | 10.475 | -2.672 | -20,32 | -83.096 | -88,81 |
| Castilla y León | 14.156 | -2.582 | -15,43 | -118.051 | -89,29 |
| Cataluña | 101.026 | -16.709 | -14,19 | -503.279 | -83,28 |
| Comunitat Valenciana | 35.981 | -8.198 | -18,56 | -263.752 | -88,00 |
| Extremadura | 4.046 | -918 | -18,49 | -33.099 | -89,11 |
| Madrid | 104.236 | -15.143 | -12,68 | -404.812 | -79,52 |
| Murcia | 7.391 | -1.678 | -18,50 | -67.233 | -90,10 |
| Navarra | 3.040 | -856 | -21,97 | -42.857 | -93,38 |
| País Vasco | 14.966 | -2.516 | -14,39 | -123.029 | -89,15 |
| La Rioja | 2.116 | -381 | -15,26 | -18.100 | -89,53 |
| Ceuta e Melilla | 1.195 | -162 | -11,94 | -4.423 | -78,73 |

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

En canto a situación en Galicia, Pontevedra é a provincia onde máis se reducen o número de afiliados nestes expedientes no último mes (-20,78%), o que supón unha caída de 1.268 traballadores. Dende máximos, a maior baixada tamén ten lugar en Pontevedra (-91,42%), con 51.507 persoas menos.

**Cadro 5.- EVOLUCIÓN DOS ERTE POR FORZA MAIOR. GALICIA E PROVINCIAS**

| PROVINCIAS | AFECTADOS A ÚLTIMO DÍA DE OUTUBRO 2020 | VARIACIÓNS | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | ÚLTIMO DÍA DE SETEMBRO | | ÚLTIMO DÍA DE ABRIL | |
| | | ABSOLUTA | RELATIVA | ABSOLUTA | RELATIVA |
| A CORUÑA | 6.945 | -1.599 | -18,71 | -56.402 | -89,04 |
| LUGO | 1.644 | -316 | -16,12 | -12.908 | -88,70 |
| OURENSE | 1.602 | -374 | -18,93 | -14.400 | -89,99 |
| PONTEVEDRA | 4.833 | -1.268 | -20,78 | -51.507 | -91,42 |
| **GALICIA** | **15.024** | **-3.557** | **-19,14** | **-135.217** | **-90,00** |

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

**Notas metodolóxicas**

**Traballadores afiliados**: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á "Tesorería General de la Seguridad Social" e ao "Instituto Social de la Marina". A explotación é efectuada pola "Gerencia de Informática de la Seguridad Social".

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

http://www.seg-social.es

http://www.inclusion.gob.es/